

## Mateo Arnáiz



Mateo Arnáiz nace no ano 1982 en Madrid. Comeza os seus estudos de música no ano 1989 no Conservatorio Nacional Superior de música de A Coruña, obtendo o título de profesor Superior de Música no ano 2020 coa cualificación de Sobresaínte e o Premio de Honra fin de Estudos Superiores.

No 2001 instálase en París, estudando na École Normale Musique Alfred Cortot co mestre Alberto Ponce, obtendo o Diplôme Supérieur de Exécution no 2004.

No 2015 obtén o Doutoramento en investigación Psicolóxica en contextos Educativos pola Universidade de A Coruña coa cualificación de Sobresaínte “cum laude” e a mención de Doutor Internacional pola Universidade de A Coruña, baixo a tutela dos directores, o Dr. Manoel Baña e a Dra. María del Mar Durán coa tese “La interpretación musical y la ansiedad escénica: validación de un instrumento de diagnóstico y su aplicación en los estudiantes españoles de Conservatorio Superior de Música”.

Entre os anos 1996 e 2007 obtén diversos premios de guitarra en Francia e en España, entre os que destacan dous Primeiros Premios en concursos internacionais e a bolsa do Centre International Nadia et Lili Boulanger (Fondation de Francia).

No ano 2005 grava o seu primeiro disco “Preludios” con obras de F. Tárrega, H. Villa-Lobos, L. Brouwer, entre outros. No ano 2006 “ Caprichos-Boleros-Fandangos” cunha guitarra orixinal do século XIX (1820) e no ano 2009 o disco Isaac Albéniz “Suite española”. No ano 2009 xunto a Javier Santaella Morales crea o dúo de guitarras “Axioma II” e no ano 2011 gravan o disco “Souvenirs de París” con composicións de Mateo Arnáiz. No ano 2011 funda o grupo de tangos EnClave xunto a Miguel Castro (vibráfono) gravando en 2015 o disco “Entre Tangos”. No ano 2018 publica “El sonido de las emociones” con composición propias para guitarra. No ano 2022 publica o seu segundo traballo con grupo EnClave chamado “O noso tango”.

A súa carreira profesional como intérprete lévao a actuar regularmente en países como Francia, España, Italia, Portugal, Polonia, Letonia e Arxelia. Tamén actúa en varias ocasión como solista xunto con Orquestras Sinfónicas.

Na súa faceta como pedagogo e investigador imparte numerosos cursos e clase de guitarra xunto con talleres para mellorar a interpretación en público dos músicos a través do traballo da ansiedade escénica na interpretación musical.

Dende o ano 2007 é profesor no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

**Mateo Arnáiz**

<https://mateoarnaiz.com>

<https://www.youtube.com/user/mateoarnaiz/>

